



**Asunto:** Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 01/04/2016 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por D/Dona BEGOÑA DACAL VALES en nome e representación da **ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE VALDEORRAS E ASOCIADAS DISVALIA**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 2011/015643-1ª, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 19/02/2016, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	BEGOÑA DACAL VALES
VICEPRESIDENTE	JAVIER GUDIÑA BARRIO
SECRETARIO	MIGUEL ANGEL RODRÍGUEZ POMAR
TESOUREIRA	ANA MARIA CASTRO CORES
VOGAL	CARMEN JESUSA LÓPEZ NEIRA
VOGAL	MARÍA JOSEFA FERÁNDEZ CAMPOS
VOGAL	MARÍA VICTORIA LAGO MENDEZ
VOGAL	MARÍA OLIVA SAN JUAN REVORDINOS

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** O xefe Territorial de Ourense é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da **ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE VALDEORRAS E ASOCIADAS DISVALIA** de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 12 de maio de 2016

O xefe Territorial  
Manuel Pardo Cid

